

Primaria

Aprender é crecer xuntos 1.º

Programación didáctica

Índice

1. Obxectivos xerais de Educación Primaria.
2. Obxectivos da área:
 - Lingua Galega e Literatura
 - Ciencias da Natureza
 - Ciencias Sociais
3. Descritores.
4. Contribución das áreas ao desenvolvemento das competencias básicas.
5. Organización e secuenciación de contidos:
 - Lingua Galega e Literatura
 - Ciencias da Natureza
 - Ciencias Sociais
6. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais.
7. Actividades complementarias.
8. Criterios de avaliación:
 - Lingua Galega e Literatura
 - Ciencias da Natureza
 - Ciencias Sociais
9. Estándares de aprendizaxe:
 - Lingua Galega e Literatura
 - Ciencias da Natureza
 - Ciencias Sociais
10. Evidencias para o portfolio.
11. Criterios de cualificación e promoción.
12. Recursos didácticos.
13. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
14. Avaliación da programación didáctica.

OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no contorno familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con minusvalidez.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Conocer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os contornos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA 1.º EP

1. escoitar mensaxes orais con atención e con actitude respectuosa.
2. Comprender as ideas esenciais das mensaxes.
3. Expressar oralmente os seus desexos, experiencias, sentimentos e opinións de forma clara e ordenada, comezando a utilizar un vocabulario axeitado.
4. Participar en situacións de comunicación oral respectando as normas básicas que regulan a interacción (quendas de palabra, formulas de tratamento sinxelas e adecuadas, respecto polas opinións alleas...).

5. Articular correctamente os sons do galego segundo as normas básicas desta lingua.
6. Desenvolver a habilidade lectora: descodificación correcta, lectura mental, entoación e ritmos axeitados...
7. Recoñecer a información relevante de textos informativos sinxelos.
7. Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos narrativos escritos (personaxes, accións, lugar, secuencia...).
8. Interpretar a linguaxe non verbal.
9. Redactar textos de estrutura e intención diversa (narracións, descricións, anuncios, diarios persoais...) seguindo estratexias ou pautas dadas que lles permitan identificar o tipo de texto.
10. Interesarse pola escritura como instrumento de expresión persoal, comunicación, aprendizaxe e planificación da propia actividade.
11. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.
12. Empregar a lingua galega para comunicarse cos demais.
13. Utilizar a terminoloxía lingüística e gramatical de forma básica para a produción de textos e coñecer as normas ortográficas máis sinxelas.
14. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece, especialmente galego e castelán para mellorar na aprendizaxe e evitar as interferencias que se poden dar entre as dúas linguas.
15. Beneficiarse da lectura para a aprendizaxe no resto das áreas.
16. Utilizar os medios de comunicación impresa e audiovisual para escoitar, ler e obter informacións de interese.
17. Facer uso das tecnoloxías da información e a comunicación para obter, recoller e elaborar informacións sinxelas referidas a temas interesantes da vida cotiá.
18. Mostrar interese e curiosidade por textos literarios, tanto nos seus aspectos comprensivos como expresivos, e valorar a utilidade para outras aprendizaxes e o enriquecemento persoal.
19. Ler textos literarios sinxelos comprendendo o contido e significado.
20. Respetar os diversos usos, orais e escritos, da lingua galega.
21. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.
22. Utilizar a lingua para destacar os valores da cultura galega e doutras culturas.
23. Manifestar actitudes de aprecio e respecto cara ás diferentes linguas valorando a lingua galega como lingua propia de Galicia e as posibilidades de comunicación que ela nos proporciona.
24. Iniciarse no hábito e o gusto pola lectura e amosar autonomía lectora e certa capacidade para seleccionar textos do seu interese.
25. Utilizar a biblioteca de aula, de centro e municipal e interesarse por iniciar unha biblioteca persoal.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA 1 EP

1. Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos científicos.
2. Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.
3. Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e a investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
4. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
5. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.
6. Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade e

- sexo).
7. Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
 8. Participar en actividades de grupo respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable..
 9. Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
 10. Participar na conservación e mellora do contorno: manter limpo o seu contorno espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar aos animais e ás plantas.
 11. Identificar os principais elementos do contorno natural analizando a súa organización, as súas características e interaccións e progresando no dominio de contornos espaciais cada vez máis complexos.
 12. Identificar os elementos principais do contorno natural, partindo do próximo ao afastado.
 13. Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do contorno natural.
 14. Iniciarse na recollida de datos do contorno natural.
 15. Valorar positivamente a realización de tarefas e gozar coa súa execución coidadosa.
 16. Manifestar a súa capacidade de observación e o uso que fai de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceitos polos que identifica o ser vivo co que se move.
 17. Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos coa finalidade de coñecer as características e funcións dalgúns materiais, substancias e obxectos.
 18. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida.
 19. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
 20. Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS 1.º EP

1. Iniciarse no uso da busca de información, rexistro e presentación sobre asuntos sinxelos do contorno próximo previamente delimitados.
2. Fomentar a creatividade e o espírito emprendedor para levar a cabo iniciativas innovadoras.
3. Coñecer os elementos principais do medio natural desde o máis próximo ao máis afastado.
4. Identificar o tempo atmosférico a través de sensacións corporais (frío, calor...).
5. Coñecer e identificar os fenómenos cotiáns como o día e a noite.
6. Favorecer actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos ao seu contexto.
7. Identificar os beneficios da auga como elemento indispensable para o ser humano e para todos os seres vivos.
8. Coñecer e identificar os elementos naturais e os elementos que construíron os seres humanos próximos ao seu contorno próximo.
9. Coñecer como se organiza o seu ámbito máis próximo (barrio, municipio...).
10. Ser consciente da súa pertenza certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.
11. Identificar feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo.
12. Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.
13. Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: día, mes e datas significativas.

14. Coñecer e identificar as unidades de tempo básicas.
15. Utilizar o calendario e situar os meses, os días ou as datas significativas.
16. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.
17. Participar en actividades grupais, respectando as normas establecidas, a quenda de palabra, poñendo atención nas intervencións, achegando ideas e tendo consideración polas decisións e os acordos tomados.
18. Identificar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón en situacións cotiás.

DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

		<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos. • Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. • Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. • Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos

		<p>máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. • Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. • Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendimiento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. • Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de

		aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none">• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none">• Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.• Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes paires que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao alumno competente neste contorno. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente de indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e objetivable e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional se traballarán desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

En cada área incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgúns conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente na área de Lingua serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente en Ciencias da Natureza serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente en Ciencias Sociais serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto a alimentación e o exercicio físico.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e aparatos para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos....) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da linguaxe. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favoreza unha correcta aprendizaxe e que lle asegure un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos na área de Lingua Galega e Literatura serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Os descritores que utilizaremos na área de Ciencias da Natureza serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Os descritores que utilizaremos en Ciencias Sociais serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua Galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través das diferentes áreas podemos coñecer o mundo no que vivimos, o contorno que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Os descritores que adestraremos nesta competencia en Ciencias da Natureza son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Os descritores que adestraremos nesta competencia en Ciencias Sociais son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas encerran a comprensión e a aplicación de dereitos e deberes dos cidadáns nun Estado democrático. Traballar cos compañeiros, convivir, compartir coñecemento, participar na xestión do grupo, propoñer, colaborar... son aspectos desta competencia que podemos adestrar.

Os descritores que adestraremos na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e na resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos estes descritores:

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Na área de Ciencias Sociais adestraremos estes descritores:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de Dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Desenvolver a autonomía persoal, o liderado na xestión de grupos de traballo e estimular a creatividade son aspectos doadamente abordables desde calquera área no traballo diario e mediante a proposta de traballo en grupos colaboradores. Ademais podemos promover o adestramento de habilidades propiamente emprendedoras no deseño de tarefas que permitan a xestión de recursos materiais e persoais.

Neste caso, os descritores a adestrar na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades cos coñecementos previos da unidade.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Neste caso, os descritores a adestrar en Ciencias da Natureza serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.

- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Neste caso, os descritores a adestrar na área de Ciencias Sociais serían:

- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Optimizar o uso recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo con aquilo que consideramos. Dende todas as áreas se ve a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia na área de Lingua Galega e Literatura son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia en Ciencias da Natureza serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia en Ciencias Sociais serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar.

Comprensión de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.

Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.

Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).

Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opcións lingüísticas e opinións de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).

Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

Actitude de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente anoticias.

Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

Interpretación da información das ilustracións.

Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

Iniciación á creación da biblioteca persoal.

Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Bloque 3: Comunicación escrita: escribir.

Produción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.

Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.

Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descricións, explicacións elementais).

Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.

Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.

Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.

Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.

Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.

Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.

Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 5: Educación literaria.

Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.

Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.

Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

Iniciación á actividade científica.

Aproximación experimental a algunhas cuestións.

Utilización de diferentes fontes de información (directas, e indirectas).

Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información de xeito guiado.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

Utilización de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

Traballo individual e en grupo.

Planificación de proxectos e presentación de informes.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

O corpo humano. Partes do corpo.

Os alimentos: a súa función no organismo.

Hábitos de alimentación. A dieta equilibrada.

Saúde e enfermidade. As prácticas saudables.

Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

A hixiene persoal, o descanso, o ocio, e o coidado do corpo.

As emocións e os sentimentos.

Bloque 3. Os seres vivos.

Os seres vivos. As plantas e os animais. Identificación de diferenzas.

Observación directa e indirecta de animais. Clasificación segundo elementos observables, identificación e denominación.

Características e formas de vida de distintos tipos de animais.

Partes constituíntes e principais funcións dos animais.

Principais grupos de animais.

As relacións dos seres humanos cos animais, coidados que necesitan para vivir.

Bloque 4. Materia e enerxía.

Tipos de materiais. Clasificación segundo criterios elementais.

Iniciación á actividade científica.

Redución, reutilización e reciclaxe.

Aforro enerxético e protección do medio

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

Máquinas e aparatos. Observación de máquinas e aparatos e do seu funcionamento.
 Identificación e descrición de profesións en función dos materiais, ferramentas e máquinas que utilizan.
 Uso de materiais, substancias e ferramentas na aula e no centro. Seguridade persoal.
 Descubrimentos e inventos tecnolóxicos que facilitan a vida diaria das persoas.
 Uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1. Contidos comúns.

Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais.
 Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
 Iniciación á utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar e seleccionar información.
 Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.
 Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas, de xeito guiado e con modelos sinxelos.
 Técnicas de traballo intelectual.
 Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
 Fomento de técnicas de animación á lectura de textos sinxelos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).
 Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.
 Uso correcto de diversos materiais cos que se traballa.
 Planificación e xestión de proxectos sinxelos e de xeito guiado, co fin de alcanzar obxectivos. Iniciativa emprendedora.
 Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

O medio natural: observación dos seus trazos principais.
 O aire: elemento imprescindible para os seres vivos. Características. O vento.
 O tempo atmosférico. Fenómenos atmosféricos observables: estado do ceo, chuvia, neve, etc.
 O Sol, a Lúa, as estrelas. O día e a noite.
 A auga: elemento indispensable para os seres vivos. Características. Estados da auga.
 Usos cotiáns da auga. Consumo responsable.
 Elementos naturais e humanos da paisaxe.
 A contaminación e o coidado da natureza.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

A familia. Modelos familiares. Relacións de parentesco.
O colexio: Organización escolar, a clase, os compañeiros, o material escolar, os espazos físicos.
Os amigos. Grupos da localidade deportivos, recreativos, culturais...
Os Deberes e os dereitos das persoas.
A casa: estanzas.
A rúa: características e mobiliario urbano.
Convivencia na rúa.
As aldeas, as vilas e as cidades.
Os medios de transporte.
A Educación Viaria.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

Uso e medida do tempo.
Nocións básicas: antes, despois, pasado, presente, futuro, duración.
Unidades de medida: día, semana, mes e ano.
As estacións do ano.
Acontecementos do pasado e do presente.
Medios para reconstruír o pasado.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura :

Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos, dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área, os alumnos inicianse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe; por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o **traballo en grupo colaborador** como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Os contidos da área de Lingua Galega e Literatura están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contextos reais**, polo que será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Na área de Ciencias da Natureza:

Os alumnos han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que os nosos alumnos teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a teoría das **intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciáanse no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades... para iso, o **traballo en grupo cooperativo** será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o traballado.

Os contidos da área de ciencias da natureza están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Na área de Ciencias Sociais:

Intégranse diversas disciplinas que estudan ás persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos. O obxectivo das Ciencias Sociais é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva, por iso os alumnos han de iniciarse en coñecer, utilizar destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan o proposto.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **teoría das intelixencias múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciáanse en poñer en práctica os novos coñecementos, experimentar e comprobar a súa necesidade e utilidade reflexionando sobre o aprendido e sacando conclusións para a súa vida. Por iso, o **traballo en grupo cooperativo** será un dos piares para adestrar cuestións de habilidades sociais e aspectos de contido que axudarán a consolidar aínda máis todo o aprendido.

Os contidos da área de ciencias sociais están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a **contexto real**, será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

Como resultaron as actividades?

Cales gustaron máis?

Que propostas de mellora podemos sinalar?

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.
3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.
4. Manter unha adecuada actitude de escoita, ante situacións comunicativas cotiás, respectando as intervencións dos demais.
5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.
6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.
7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo.
8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.
9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.
10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler.

1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.
2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.
3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.
4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.
5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.
6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.
2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.
4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto
5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.
6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

Bloque 4: Coñecemento da lingua.

1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.
2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.
3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.
4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.

Bloque 5: Educación literaria.

1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.
2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos.
4. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal
5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicando os resultados.
2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural coma sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou unha experiencia.
3. Comunicar de forma oral e escrita os resultados presentándoos con apoios gráficos.
4. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

1. Coñecer as principais partes do corpo humano e as súas principais características utilizando os coñecementos para elaborar estratexias para o desenvolvemento dunha vida saudable.
2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: alimentación variada hixiene persoal, exercicio físico regulado sen excesos ou descanso diario.
3. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a identificación das súas emocións e as

dos seus compañeiros.

Bloque 3. Os seres vivos.

1. Realizar observacións de seres vivos, formulándose previamente e durante estas, cuestións para obter información relevante.
2. Realizar preguntas adecuadas para obter información dunha observación, utilizando os instrumentos ao seu alcance e efectuando rexistros.
3. Recoñecer e clasificar con criterios elementais os animais máis relevantes do seu contorno así como algunhas outras especies coñecidas aplicando a información obtida a través de diversos medios.
4. Usar algúns instrumentos para realizar as observacións, como a lupa...y as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de xeito moi dirixido.

Bloque 4. Materia e enerxía.

1. Recoñecer nalgúns materiais tamaño, cor, propiedades.....
2. Describir algunhas medidas de reciclaxe e reutilización de materiais en situacións cotiás.
3. Coñecer e valorar a importancia de adoptar medidas de aforro enerxético e de protección do medio.

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

1. Identificar e nomear algunhas das principais máquinas e aparatos e coñecer o seu funcionamento.
2. Coñecer o uso das ferramentas e máquinas nalgúns traballos, recoñecendo a importancia de todas as profesións.
3. Iniciarse no coidado da seguridade persoal, no uso de materiais, substancias e ferramentas de forma segura na aula e no centro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1. Contidos comúns

1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
2. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais.
3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo.
5. Valorar o traballo en grupo, mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
7. Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social creando estratexias para resolver conflitos.
8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.

9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.
10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

1. Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado a través da observación.
2. Coñecer a composición do aire e as súas principais características, comprendendo que é un elemento imprescindible para a vida, e entendendo que é e como se produce o vento.
3. Describir o tempo atmosférico a través de sensacións corporais (frío, calor, humidade, sequidade...) diferenciando unhas doutras.
4. Observar, indagar e coñecer algunhas características do Sol, da Lúa e das estrelas, describindo algúns fenómenos cotiáns como o día e a noite.
5. Recoñecer a auga como elemento imprescindible para a existencia dos seres humanos e dos demais seres vivos, valorándoa como un ben indispensable e escaso e facendo un uso responsable dela.
6. Diferenciar entre os elementos naturais e os elementos que construíron os seres humanos no seu contorno máis próximo, valorando o impacto dalgunhas actividades humanas sobre o medio.
7. Desenvolver actitudes positivas fronte aos problemas ambientais próximos, valorando o seu medio natural e o coidado deste.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

1. Recoñecer as relacións simples de parentesco, coñecer os seus apelidos, expresando o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.
2. Entender as tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.
3. Recoñecer a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais), apreciando as súas características e trazos propios.
4. Participar en actividades de grupo, respectando os principios básicos de convivencia.
5. Comprender a organización social do seu ámbito próximo (casa, barrio, municipio...).
6. Respetar o cumprimento das normas básicas como peóns e usuarios de medios de transportes identificando os medios de transporte máis comúns no contorno.
7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que ha de recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá.
8. Utilizar a linguaxe oral como medio para expresar sentimentos, desexos e ideas en situacións de comunicación habituais.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

1. Iniciar a reconstrución da memoria do pasado próximo, partindo de fontes familiares.
2. Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo, utilizando métodos sinxelos de observación e unidades de medida temporais básicas (día, semana, mes, ano).
3. Utilizar o calendario, como representación do paso do tempo, localizando nel meses, días ou datas significativas.
4. Secuenciar feitos aplicando as unidades de tempo básicas e expresando os cambios que se producen nalgúns aspectos da súa vida.
5. Identificar feitos acontecidos no pasado e no presente situándoos no seu contexto correspondente.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA ÁREA DE LINGUA

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.

- 1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
- 2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
- 3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
- 3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
- 3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
- 3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.
- 4.1. Atende as intervencións dos demais, en conversas e exposicións, sen interromper.
- 4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.
- 5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- 5.2. Respecta as opcións lingüísticas dos participantes nos intercambios orais.
- 5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- 5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.
- 5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita
- 5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas..
- 6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
- 7.1. Amosa respecto polas ideas dos demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.
- 8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
- 9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.
- 9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
- 10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...
- 10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Bloque 2: Comunicación escrita: ler.

- 1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.
- 1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- 1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
- 2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
- 3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.
- 3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
- 4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
- 4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de los.

- 5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros en lingua galega.
- 7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.
- 7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.

Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

- 1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
- 1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
- 1.3. Usa o punto nos seus escritos.
- 1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- 1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.
- 1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.
- 2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
- 3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
- 4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.
- 5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
- 6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- 6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- 1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas
- 1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- 1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- 1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- 2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- 3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.
- 3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.
- 4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

Bloque 5. Educación literaria.

- 1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.
- 1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- 2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- 2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
- 3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais
- 4.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

- 5.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Bloque 1. Iniciación á actividade científica.

- 1.1. De xeito moi guiado, busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, saca conclusións, comunica a súa experiencia, reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito.
- 1.2. Iníciase no uso das tecnoloxías da comunicación e a información para aprender a aprender e para comunicarse.
- 1.3. Utiliza as bibliotecas, videotecas, etc. e colabora no coidado e mellora dos materiais bibliográficos e outros documentos dispoñibles na aula e no centro.
- 2.1. De xeito moi dirixido realiza pequenos experimentos ou experiencias establecendo conxecturas respecto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan.
- 3.1. Utiliza, de xeito adecuado, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos.
- 4.1. Coñece e explica actuacións de primeiros auxilios e represéntaaas en contextos de simulación.
- 4.2. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, preguntando para obter información e pedindo aclaracións.
- 4.3. Iníciase no desenvolvemento de estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo mostrando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- 4.4. Iníciase no traballo de forma cooperativa, coidando a súa seguridade, a dos seus compañeiros, as ferramentas e os materiais.
- 4.5. Coñece e respecta as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- 5.1. Iníciase na utilización de medios propios da observación, como instrumentos ópticos e de medida, consultando e utilizando documentos escritos, imaxes, gráficos.
- 5.2. Iníciase na planificación e execución de accións e tarefas manifestando autonomía e iniciativa.
- 5.3. Presenta os traballos de xeito ordenado, clara e limpa, en soporte papel e dixital.
- 5.4. De xeito guiado realiza un proxecto e presenta un informe, utilizando soporte papel e/ou dixital, sobre os animais, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), con diferentes medios e comunicando de forma oral as experiencias realizadas, apoiándose en imaxes e breves textos escritos realizados segundo modelos.

Bloque 2. O ser humano e a saúde.

- 1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano.
- 2.1. Identifica os alimentos necesarios para unha alimentación saudable.
- 3.1. Recoñece algún dos elementos dunha dieta equilibrada e selecciónaos de entre varios argumentando a decisión.
- 4.1. Desenvolve hábitos para de coidado do corpo, valorando a hixiene persoal, o descanso, o uso adecuado do tempo libre e a atención ao corpo.
- 4.2. Identifica e manifesta condutas de hixiene e aseo persoal.
- 4.3. Manifesta, identifica e desenvolve condutas de aceptación do seu corpo e do dos demais.
- 5.1. Desenvolve hábitos para a prevención de enfermidades e accidentes na aula e no centro.

- 6.1. Iníciase na identificación das emocións e sentimentos propios e dos compañeiros, manifestando condutas empáticas.

Bloque 3. Os seres vivos.

- 1.1. Observa e describe múltiples formas de vida e identifica as diferenzas entre seres vivos e os obxectos inertes.
- 1.2. Mostra interese pola observación e o estudo dos animais.
- 1.3. Manifesta e desenvolve hábitos de coidado e respecto polos animais.
- 2.1. Observa, describe e asocia os trazos físicos e as pautas de comportamento dos animais cos contornos nos que viven (camuflaxe, cambio de cor...).
- 3.1. Observa de xeito directo e indirecto animais, identificándoos, nomeándoos e clasificándoos segundo elementos observables, onde viven?, como nacen?, que comen?, segundo a súa pertenza a algún dos principais grupos.
- 3.2. Identifica nalgún animal moi representativo as partes que o forman e a función de cada unha delas.
- 4.1. Utiliza a lupa para recoñecer e identificar determinados aspectos dos animais.
- 4.2. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de xeito moi dirixido.

Bloque 4. Materia e enerxía.

- 1.1. Explica con exemplos concretos e próximos a relación entre algúns elementos e recursos de medio físico, as características dalgúns materiais e os usos aos que se destinan.
- 2.1. Manifesta actitudes conscientes, individuais e colectivas, fronte a determinados problemas ambientais.
- 2.2. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na aula e no centro.

Bloque 5. A tecnoloxía. Obxectos e máquinas.

- 1.1. Observa, identifica e describe algunhas máquinas e aparatos do contorno.
- 1.2. Observa e analiza o funcionamento dalgúns obxectos e máquinas, identificando algúns elementos que poden xerar risco.
- 2.1. Observa, identifica e describe oficios tendo en conta os materiais, as ferramentas e as máquinas que utilizan.
- 3.1. Fai un uso adecuado das substancias, os materiais, e ferramentas na aula.
- 3.2. Identifica e adopta comportamentos asociados á seguridade persoal e ao aforro enerxético.
- 3.3. Iníciase no uso adecuado do ordenador.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Bloque 1. Contidos comúns.

- 1.1. Busca, selecciona e organiza, de xeito guiado información relacionada coas Ciencias Sociais, comunicándoa oralmente.
- 2.1. Utiliza, con axuda dos adultos, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (Internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
- 2.2. Analiza, de xeito guiado, informacións relacionadas coa área e manexa de forma sinxela imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- 3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de xeito ordenado, claro e limpo.

- 3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
- 3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.
- 4.1. Realiza traballos e presentacións sinxelas a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
- 5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- 5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
- 6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos, sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.
- 7.1. Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.
- 7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos (escola, familia, barrio etc.).
- 8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.
- 9.1. Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que lle fan activo ante as circunstancias que o rodean.
- 9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- 10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.
- 10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.

Bloque 2. O mundo que nos rodea.

- 1.1. Describe oralmente os elementos básicos do medio natural.
- 1.2. Realiza observacións dos elementos principais do contorno seguindo pautas marcadas polos adultos.
- 1.3. Elabora e recolle información sobre aspectos do seu medio natural, utilizando imaxes, debuxos, fontes orais e/ou escritas.
- 2.1. Describe de xeito sinxelo algunhas características do aire e identifícao como un elemento imprescindible para a vida.
- 2.2. Explica que é o vento e identifica o viraventos como un aparato que mostra a súa dirección.
- 3.1. Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (chuvia, neve, trono, raio, etc.) que se producen no seu contorno máis próximo.
- 3.2. Observa algúns fenómenos atmosféricos e realiza as súas primeiras formas de representación.
- 3.3. Realiza unha recollida sinxela de datos con aparatos meteorolóxicos cotiáns.
- 4.1. Identifica algunhas das características do Sol, e recoñece a importancia deste astro para a vida na Terra.
- 4.2. Discrimina as partes do día e describe oralmente o que fai en cada unha delas.
- 4.3. Observa algúns elementos e fenómenos naturais como o día e a noite, e explica oralmente por que se producen.
- 5.1. Identifica a auga como elemento imprescindible para a existencia do ser humano e dos demais seres vivos.
- 5.2. Valora a auga como un ben escaso e desigualmente repartido e realiza un consumo responsable desta.
- 6.1. Diferencia entre elementos naturais e os que construíu o home no seu contorno próximo, e descríbeos oralmente.

- 6.2. Identifica algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.) e describe como modificaron o medio natural.
- 7.1. Desenvolve actitudes positivas fronte a problemas ambientais.
- 7.2. Recoñece os efectos positivos e negativos das actuacións humanas no medio natural e expresa, de xeito sinxelo, a súa opinión sobre iso.
- 7.3. Identifica as posibles causas da contaminación do aire e da auga e toma conciencia da necesidade da súa conservación para as futuras xeracións.

Bloque 3. Vivir en sociedade.

- 1.1. Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares.
- 1.2. Coñece os seus apelidos e a pertenza a unha familia con características e trazos propios.
- 2.1. Identifica os membros da comunidade escolar e respecta as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.
- 3.1. Valora a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais) recoñecendo as súas características e trazos propios.
- 3.2. Recoñece os costumes doutros grupos sociais e étnicos, valora as súas culturas e as súas manifestacións como mostra de diversidade.
- 3.3. Respecta as normas de convivencia e as regras establecidas na familia e na clase.
- 4.1. Participa nas actividades grupais do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.) e respecta a normas de convivencia.
- 4.2. Respecta os demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera a quenda de palabra, achega ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- 4.3. Utiliza a asemblea de clase como medio para formular e resolver conflitos.
- 5.1. Coñece os distintos tipos de barrios, dentro da súa localidade e identifica a aldea, a vila e a cidade coas súas semellanzas e diferenzas.
- 5.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente cada unha delas.
- 5.3. Describe oralmente as dependencias da casa, explicando o uso de cada unha delas.
- 5.4. Recoñece e nomea os diferentes elementos que compoñen a rúa.
- 5.5. Enumera algunhas características das aldeas, as vilas e as cidades.
- 5.6. Establece percorridos e traxectos nun plano sinxelo da súa localidade e distingue traxecto longo, curto e seguro.
- 6.1. Coñece e respecta as normas básicas de seguridade viaria e utilízalas tanto como peón como usuario de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar ao condutor...).
- 6.2. Recoñece as diferenzas entre os distintos medios de transporte valorando a súa utilidade.
- 6.3. Clasifica os distintos medios transportes que existen no seu contorno e diferencia os medios de transporte de persoas e mercadorías.
- 7.1. Identifica e interpreta os sinais de tráfico necesarios para andar pola rúa: cor dos semáforos, paso de peóns...
- 8.1. Expresa sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral en situacións de comunicación habituais.

Bloque 4. As pegadas do tempo.

- 1.1. Investiga de forma guiada pequenos feitos sobre a historia da súa familia e realiza unha sinxela recollida de datos e información do seu ámbito familiar.
- 1.2. Realiza unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia, con axuda dos adultos, atendendo ás nocións básicas do tempo.
- 1.3. Organiza a historia da súa familia a través dun álbum fotográfico.
- 1.4. Utiliza as fontes orais e da información proporcionada por obxectos e recordos familiares para reconstruír o pasado.
- 2.1. Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.

- 2.2. Clasifica temporalmente diferentes imaxes atendendo a nocións como: antes, agora, despois.
- 2.3. Ordena actividades en función das nocións temporais: antes, despois...
- 2.4. Establece unha orde cronolóxica partindo das relacións familiares e da idade dos seus membros, e identifica os conceptos de pasado, presente e futuro.
- 3.1. Localiza e sitúa datas significativas no calendario.
- 3.2. Sabe os días da semana e, situados nun, recoñece os anteriores e posteriores.
- 3.3. Sabe os meses do ano, recoñéceos no calendario e busca os anteriores e posteriores. Ademais, sabe situarse máis preto do principio-medio-final.
- 3.4. Diferencia as estacións do ano e explica oralmente as características de cada unha delas.
- 4.1. Localiza nunha sinxela liña do tempo a súa historia persoal desde o nacemento ata a idade actual.
- 4.2. Utiliza nocións básicas de tempo (antes - despois, ao principio - ao final) para narrar feitos da vida cotiá respectando a orde cronolóxica.
- 5.1. Recoñece o pasado a través de restos históricos no contorno próximo.
- 5.2. Identifica acontecementos do pasado e do presente, e a súa relación con aspectos históricos próximos á súa experiencia.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller poden ser:

- . Actividades do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- . Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos.
- . Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- . Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- . Produtos finais derivados de tarefas aplicadas nun contexto real.
- . Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- . Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Cualificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1.ª avaliación	
2.ª avaliación	
3.ª avaliación	
Portfolio de aprendizaxe	
Cualificación total	

RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Os cadernos complementarios ao libro do alumno.
- O libro dixital.
- O CD que acompaña á proposta didáctica.
- O material de aula correspondente a este curso.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? *(Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas...)*.

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e con outras necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...)*.

Que medidas organizativas vas adoptar? *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual)*.

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			